Cooperativismo e Economía Social, nº. 25 (2002/2003), pp. 297-299

A LEI 44/2002, DE 22 DE NOVEMBRO, DE MEDIDAS DE REFORMA DO SISTEMA FINANCEIRO CON RELACIÓN ÁS COOPERATIVAS DE CRÉDITO

Carmen RUÍZ HIDALGO e Luis Miguel MULEIRO PARADA

A Lei 44/2002 persegue consegui-lo maior grao de eficiencia no mercado do crédito como un dos obxectivos primordiais no seo do Sistema Financeiro. Para isto, o lexislador quere eliminar calquera obstáculo que puidese supoñer unha diferencia de trato no ámbito comunitario. Deste modo, o réxime das inversións das Cooperativas de Crédito flexibilízase aproximándoo ó dos Bancos e Caixas de Aforros cunha dobre finalidade[1]:

- En primeiro lugar, que esas entidades poidan adquirir unhas maiores dimensións incrementando as súas carteiras industriais.
- En segundo lugar, facilita-la xestión do seu pasivo mediante o recurso a financiamento subordinado.

O lexislador é menos restrictivo á hora de admitir a estas entidades dentro do réxime previsto para as cooperativas fiscalmente protexidas co propósito de que adquiran unha dimensión maior. Así, modifícase o artigo 39.2 da Lei 20/1990, de 19 de decembro, sobre Réxime Fiscal das

[1] Non se perda de vista que son os Bancos, Caixas de Aforro e Cooperativas de Crédito os integrantes do sistema bancario español, de ahí a opción lexislativa.

Cooperativas[2]. Neste precepto, amplíase, para as Cooperativas de Crédito fiscalmente protexidas, a porcentaxe de participación máxima -o 25%- noutras entidades non cooperativas, de maneira que a superación da mesma ocasiona a exclusión ou perda da condición de cooperativa fiscalmente protexida.[3]. A lei prevé unha excepción a esa porcentaxe: pódese superar no caso de participación en entidades que levan a cabo actividades complementarias, preparatorias ou subordinadas da que realiza a Cooperativa de Crédito[4]. En calquera caso, a porcentaxe de participación da Cooperativa de Crédito fiscalmente protexida noutras entidades non cooperativas non pode supera-lo 50% dos recursos propios da cooperativa[5].

Con estas medidas, o aumento das porcentaxes de participación noutras entidades non cooperativas, o lexislador consegue o seu obxectivo, é dicir, que a Cooperativa de Crédito alcance un volume maior sen perdelos beneficios do réxime.

Doutro lado, a Lei 44/2002 facilita a xestión do pasivo das Cooperativas de Crédito a través do recurso a financiamento subordinado. A Lei 44/2002 modifica o tenor literal do artigo 53.3 da Lei 27/1999, de 16 de xullo, de Cooperativas[6], onde xa se recollía esta posibilidade sempre que a normativa reguladora non o impedise[7]. O citado artigo 53.3 esixe a autorización expresa da operación por parte da normativa reguladora das cooperativas e dos Estatutos, complementado co previo acordo do Consello Rector referido á operación concreta.

---

[2] Dende o punto de vista sistemático, o artigo 39 inclúese dentro do Título V da Lei de Cooperativas determinando no apartado primeiro os requisitos para a consideración das entidades coma cooperativas fiscalmente protexidas. O segundo apartado sinala certas causas que conlevan a exclusión ou perda desa consideración e, polo tanto, da aplicación das ventaxas en sede impositiva previstas para elas na Lei 20/1990 (artigo 40).

[3] Para as cooperativas fiscalmente protexidas, pero que non sexan de crédito, o artigo 13.9 da Lei 20/1990 prevé que a participación noutras entidades non pode ser superior ó 10%.

[4] Nembargantes, se a cooperativa non é de crédito, o lexislador limita a participación ó 40% do capital social das entidades non cooperativas que realizan esas actividades "auxiliares".

[5] Este límite, en contraposición ós anteriores, si coincide co establecido con carácter xeral para disfrutar das ventaxas fiscais coma cooperativa fiscalmente protexida.
Ademais, as Cooperativas de Crédito tamén poden aumenta-la porcentaxe se o Ministerio de Economía así o autoriza.

[6] A modificación levase a cabo a través do artigo 5. Segundo da Lei 44/2002.

[7] Coa modificación da Lei 44/2002 a redacción dese último apartado do artigo 53.3 pasa a ser a seguinte:
3. Para as cooperativas de crédito e seguros o establecido no presente artigo só será de aplicación cando a súa normativa reguladora así o estableza expresamente, podendo captar recursos co carácter de subordinados previo acordo do consello rector calquera que fora a súa instrumentación e sempre que esta posibilidade esté expresamente prevista nos Estatutos.

Desta maneira, facilítase a xestión do pasivo das Cooperativas de Crédito xa que o lexislador permite o recurso ó financiamento subordinado sen que, por outra parte, isto se traduza nunha menor esixencia. Antes ben, a cláusula determinada na actual redacción toma coma base unha fórmula positiva de autorización máis precisa e detallada cá da normativa anterior o que supón un gran avance dende o punto de vista da seguridade xurídica e da técnica lexislativa.